

PROTOCOLO DE INTEGRACIÓN DO EIXO ATLÁNTICO NA COMUNIDADE DE TRABALLO GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2000

COMPARECEN

Por unha parte, os Excmos. Srs. D. **Manuel Fraga Iribarne** e D. **Luis Braga da Cruz**, en representación da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal.

Pola outra, os Excmos. Srs. D. **Francisco Mesquita Machado** e D. **Manuel Cabezas Enríquez**, Presidente e Vicepresidente do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular respectivamente.

Intervindo neste acto por conta e en representación das súas respectivas entidades, circunstancias que acreditan e que se recoñecen polos títulos que lexitimamente ostentan en virtude das súas correspondentes competencias, exercendo os seus cargos e responsabilidades con xeral coñecemento e sen restricción ou limitación manifestas, polo que en interese de cada unha das súas institucións mandantes

EXPOÑEN

A Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, constituída o 31 de outubro de 1991 entre a Xunta de Galicia e a

Comisión de Coordinación da Rexión Norte de Portugal, é unha Institución que ten como finalidade favorecer unha dinámica de xuntanzas regulares entre Galicia e o Norte de Portugal para tratar asuntos de interese común, intercambiar informacións, coordinar iniciativas e examinar as posibilidades de solucionar problemas comúns por medio de acordos, de decisións cooperativas tendentes a instrumentar unha solución coordinada ou de efectuar recomendacións e propostas de cara ao seu traslado ás autoridades competentes.

O **Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular**, constituído o 1 de abril de 1992, é unha asociación que ten como principais obxectivos os de fomentar a cohesión do territorio ao nivel das principais cidades de ambas as dúas rexións, promover o desenvolvemento socioeconómico, favorecer o entendemento e a colaboración transfronteiriza e aproximar a realidade transnacional ao cidadán.

O Eixo Atlántico integra na actualidade as cidades galegas de A Coruña, Lugo, Ferrol, Ourense, Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo, Vilagarcía de Arousa, e Monforte de Lemos, por parte portuguesa, as cidades de Porto, Bragança, Braga, Chaves, Viana do Castelo, Vila Real, Guimaraes, Peso da Régua, e Vila Nova de Gaia.

Á vista dos obxectivos das dúas estruturas cooperativas, despréndese unha confluencia de intereses na consolidación da *eurorrexión* Galicia-Norte de Portugal.

A **Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal**, como institución aglutinadora de dinámicas de ámbito rexional, dedica

unha especial atención ás seguintes materias: desenvolvemento económico e social, transportes, comunicacións, turismo, cultura, educación, ciencia e tecnoloxía, medio ambiente e ordenamento do territorio.

O **Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular**, pola súa parte, deseñou mecanismos de actuación que potencian o desenvolvemento de accións comúns nas principais cidades de Galicia e do Norte de Portugal, fundamentalmente en materia de asuntos urbanos, animación cultural, deportes, xuventude e asuntos sociais.

Considerando que o proceso de construción comunitaria, a partir da entrada en vigor do Tratado da Unión Europea, aumenta a necesidade urxente de concertar medidas que sustenten unha maior integración a todo os niveis, non só no que atinxe á unificación dos mercados, senón tamén no que concirne ao benestar colectivo, xerado polo crecemento económico e sustentado en políticas de solidariedade e redistribución territorial, co obxectivo de alcanzar unha cohesión económica e social en todo o territorio comunitario;

Considerando que os efectos desa integración europea se traducen en impactos económicos e sociais que teñen un carácter máis acentuado en Galicia e no Norte de Portugal debido á súa condición periférica e fronteiriza;

Considerando que tanto a Comunidade de Tránsito Galicia-Norte de Portugal como o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, perseguen obxectivos compatibles e complementarios, cada un deles no seu respectivo ámbito de actuación, como é o de contribuír ao fomento de iniciativas que fortalezan o

desenvolvemento socioeconómico das poboacións transfronteirizas;

Por todo iso e en consecuencia, faise necesaria a coordinación de esforzos entre ambas as dúas institucións;

Polo que a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal e o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, representados polos seus respectivos presidentes, conveñen en articular a incorporación do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular á estrutura da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, de conformidade coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- O Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular formará parte da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, como membro de pleno dereito, mediante a súa participación nunha Comisión específica que se ocupará das iniciativas, análises e propostas relacionadas co sector urbano constituído pola rede de cidades que forman parte daquel.

A citada Comisión terá a denominación de “Eixo Atlántico”.

Segunda.- A Comisión do Eixo Atlántico constitúe o foro conxunto de debate para a análise e o diagnóstico das cuestións que afecten ao desenvolvemento do sistema urbano da *eurorrexión* formuladas por calquera dos membros, e compételle a proposta das medidas necesarias para a execución e o desenvolvemento das mesmas.

Nesta Comisión participarán os Coordinadores Xerais da Comunidade de Traballo.

Terceira.- No marco da devandita Comisión, o Eixo Atlántico terá a capacidade de proposta e execución coordinada das actuacións que a citada Comisión acorde no desenvolvemento do tecido urbano da *eurorrexión* Galicia-Norte de Portugal.

O Eixo Atlántico participará nas actividades xerais da Comunidade de Traballo.

Cuarta.- Sempre que a Comunidade de Traballo se teña que pronunciar sobre iniciativas e propostas de acción con impacto na dimensión territorial do Eixo Atlántico, a Comisión será invitada a emitir o seu parecer sobre as mesmas.

Quinta.- A Comunidade de Traballo asumirá as iniciativas do Eixo Atlántico, previamente acordadas, e defenderaaas, chegado o caso, ante os gobernos español e portugués , e ante as Institucións comunitarias, entre outros, aqueles proxectos que poidan ser cofinanciados por iniciativas comunitarias como Interreg.

Sexta.- Para o eficaz desenvolvemento e execución deste protocolo, corresponderalles aos Coordinadores Xerais da Comunidade de Traballo e ao Secretario Xeral do Eixo Atlántico acometer todo o proceso necesario para a súa instrumentación de acordo cos Estatutos de ambas as dúas Institucións.

Convindo deste xeito os intervinientes o mutuo e individualizado proveito do acordado para cada un dos seus representados, outorgan a súa plena, libre e absoluta conformidade a todas e cada unha das estipulacións arriba transcritas, dentro do espírito recollido na previa parte expositiva,

polo que como proba da súa anuencia firman e rubrican por duplicado exemplar o presente instrumento que documenta o protocolo de integración, concluído en acto único no lugar e data do seu encabezamento.

**Pola Comunidade de Traballo
Galicia-Norte de Portugal**

**Polo Eixo Atlántico
do Noroeste Penínsular**

Manuel Fraga Iribarne

Francisco Mesquita Machado

Luis Braga da Cruz

Manuel Cabezas Enríquez